
Ruta de Boimorto



Introduccion:

Moitos son os camiños que nos levan a Santiago e aínda que o Camiño Francés é a ruta por excelencia, outros non son menos importantes.

O Camiño do Norte é máis antigo. As primeira peregrinacións, chegaron de Asturias antes do Século X, fomentadas pola monarquía asturiana.

Esta ruta entra en Galicia por Ribadeo, pasa por Mondoñedo, a Terra Chá e despois de Sobrado dos Monxes, discorre polo noso Concello, ó longo do Camiño Real(Vía Romana).

En Boimorto, dividese en dúas ramas: unha por Sendelle(1), sae a Arzúa; e outra cara á Mota (2), incorpórase ó Camiño Francés en Labacolla.

Descripción:

O Camiño vai ó longo da estrada, xa non quedan camiños nin corredoiras.

Principiámolo en Ponte Madelos; dende alí pola dereita, sae a Presa dos Ánxeles, paralela á estrada uns 600 metros. Crúzaa, e vaise alonxando debuxada polas especies de ribeira, ata completar os dous quilometros de recorrido. A vexetación é frondosa: freixos, castiñeiros, ameneiros, eucaliptos,....

O trazado revisouse e coa fin de quitalo da estrada, entra á beira do Monte dos Castros, despois de atravesa-la ponte ven saír onda o campo de fútbol. Un pouco máis

adiante á esquerda, queda o lugar onde se asentaba o Castro. Pasado o cruce, seguimos en dirección a Arzúa. En Boimil atravesamo-la aldea pola estrada vella, pasando diante da Igrexa, de torre cuadrangular(reconstruida).

Incorporámonos de novo á vía principal.Camiñando uns metros vemos á dereita ó fondo, a vella telleira artesanal, abandonada, e a barreira. Ó pouco chegamos á entrada da vila, onde nos recibe unha área de descanso con vellos carballos e unha fonte. Logo, o concello na Vilanova, que é a zona moi poboada arredor do cruce, cara a Lanzá(dereita).

Ó longo dos Asientos, lugar con varios chalets e casas de recente construcción, que conviven con antigas casonas, chegamos ó Campo do Rosario, onde está o Colexio(esquerda), asentado sobro o que foi un castro celta; e á dereita, ó fondo , a igrexa parroquial e o cemiterio.

No Real iníciase a zona comercial; unha pista á esquerda lévanos a Casal de Munín. Despois do Cuartel da Garda Civil baixamos pola Gándara. Desviámonos á esquerda, onde a Caixa Galicia para entrar nun lugar entrañable(o antigo Campo da Feira), con carballos, e a Casa da Cultura.

De frente o parque, cunha fonte, pista polideportiva e o Centro Médico.

(1) Á esquerda collemos cara Sendelle entre fragas (desaparecendo).

Dende Franzomil obsérvase unha fermosa panorámica. Baixamo-la Costa dos Morís deixando á esquerda o lugar do Castro (derruido). Máis abaixo hai un pozo.

Aquí empatamos coa ruta de Sendelle, indo pola pista de diante da Igrexa cara Galiñeira segue entre praderías e plantacións de piñeiros, bidueiros, castiñeiros, carballos,... Introdúcese no Concello de Arzúa e cruza a estrada onda a Casilla da Trapa.

(2) Se seguimos de frente temos a 1,4 Km o campo de futbol e a piscina Municipal, á dereita.

Seguese entre eucaliptos e pradeiras, por entre vivendas e os cruces coas pistas das diferentes parroquias(cardeiro, Brates , Buazo,...). A vexetación máis interesante poida que sexa a das silveiras, a das sebes e cunetas, onde aínda queda algún carballo, castiñeiro, espiño albar, xestas, toxos,...

Dende Boimorto podemos visitar lugares como o Boído(á esqueda da Igrexa), o Rego do Pazo e o Pazo de Vieite precedido dunha fermosa carballeira(na estrada de fora).

No edificio do Concello disfrutaremos da observación do Mural de Suso de Marcos e do Miliario Romano do século III.

Parándonos a falar coa xente, podemos enterarnos de cómo eran as feiras, de que aquí pasou un tempo Armando Cotarello Valledor; do que pasou na guerra civil; da grandeza dalgunha das casas e a decadencia, das miserias doutras e como se ergueron, e da vida, das xentes, da historia da vila.